

MIRA GALICIA



A semana do 4 ó 8 de xuño realizamos as saídas educativas en colaboración co ENDL e o Departamento de Xeografía e Historia "MIRA GALICIA". O 5 de xuño o alumnado de 1º de ESO fixo un percorrido por Lugo onde realizou unha visita ó Castro de Viladonga, Ribadeo e a fermosa praia das Catedrais. O alumnado de 2º de ESO foi á Costa da Morte, onde aprenderon como vivían os nosos antepasados do dolmen de Dombate e na Idade Media no castelo de Vimianzo. Tamén visitaron a espectacular ferverenza de Ézaro.



O día 7 os 3º de ESO visitaron Noia e a fermosa península do Barbanza. Por último os de 4º de ESO coñeceron ese xoves a comarca do Ribeiro, a xudería de Ribadavia, o mosteiro de San Clodio, visitando ademais o Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa no concello de San Amaro.

PÁXINA 1: Saídas da actividade MIRA GALICIA

PÁXINA 2: Exhibición solidaria da Garda Civil | Visita á factoría Michelin | Encontros literarios con escritores | A nosa biblioteca

PÁXINA 3: Programa Coruña de aventura | Sendeirismo Neda-Ferverenza de Beelle | Scambio 18. Italia | Outras actividades

PÁXINA 4: Coñecemos ó gañador do Campionato de España de Rally 2017 | Graduación do alumnado de 2º de BAC e Ciclos
Concerto de órgano | 100% de éxito no DELF B1 | Gráfica de resultados académicos

**EXHIBICIÓN SOLIDARIA DA GARDA CIVIL.
COMPARTIMOS SOLIDARIAMENTE. 1º E 2º ESO.
COMPLEXO XUVENIL "AS MARIÑAS"
GANDARÍO (BERGONDO)**



O 10 de maio vivimos unha xornada que achéganos ó labor solidario da Garda Civil.

**VISITA Á FACTORÍA DE MICHELÍN EN
VALLADOLID E Ó "MUSEO DEL AUTOMÓVIL" EN
SALAMANCA. CM E FPB DE AUTOMOCIÓN**



Nos días 11 e 12 de abril o alumnado de CM e FPB de Automoción visitou en Valladolid a factoría de "Michelín" e o "Museo de la Automoción" en Salamanca. Resultaron enormemente motivadoras para o desenvolvemento académico do noso alumnado.

ENCUNTROS LITERARIOS CON ESCRITORES



Neste curso disfrutamos da presenza dos escritores de lingua galega... Víctor Freixanes e Héctor Cajaraville. Departamento de Lingua Galega en colaboración con Curtisbiblio.

A NOSA BIBLIOTECA

Toca fin agora o terceiro trimestre, no que a biblioteca seguiu coas súas diferentes actividades:

- Formación de usuarios para o alumnado integrado na plataforma de lectura de libros dixitais (Programa ELBE 2) e elaboración dunha guía de uso, publicada en curtisbiblio@gmail.com

- Celebración da Videosemana do libro europeo. 2018 é o Ano Europeo do Patrimonio Cultural e ao redor dese feito a biblioteca está desenvolvendo un proxecto destinado á difusión do patrimonio cultural do continente. Para conmemorar o Día do Libro, o alumnado elixiu obras e autores europeos e grabou videorrecensións que logo se subiron ao blog. Ademais, a biblioteca acolle un espazo de exposición de obras literarias e filosóficas representativas deste continente.

- Posta en funcionamento da iniciativa de fomento da lectura Libros para vós, destinada a ofrecer libros de expurgos e de membros da comunidade educativa que queiran donalos a todos aqueles que os queiran "adoptar". Están nunha mesa onde se poden elixir e levar en propiedade para a casa.

- Colaboración na celebración do Día das Letras Galegas, difundindo información sobre a vida e a obra de María Victoria Moreno.

- Colaboración nos encontros con escritores promovidos polos departamentos didácticos (Víctor Freixanes e Héctor Cajaraville).

- Adquisición de novidades e suxestións de lectura en formato papel, DVD e dixitais.

- Colaboración nos encontros con escritores promovidos polos departamentos didácticos (Víctor Freixanes e Héctor Cajaraville).

- Traballo conxunto co Club de Lectura Fendetestas: organización das xornadas de peche, coa proxección da película Wonder.

- Elaboración do boletín de recomendacións lectoras para entregar cos boletíns de calificacións do fin de curso.


- Enquisas ao alumnado e ao profesorado para corrixir erros e mellorar o funcionamento da biblioteca.

Como o curso xa se vai, non é xusto rematar sen deixar aquí o noso agradecemento para todos aqueles que colaboraron co equipo de biblioteca e que nos cederon xenerosamente o seu tempo, o seu esforzo e tamén o seu talento para que este espazo camiñe sempre cara adiante.

VIAXES DE FIN DE ETAPA 2018

Na páxina de Facebook [@iesdecurtis](https://www.facebook.com/iesdecurtis) próximamente teredes as fotos da viaxe a Ámsterdam do alumnado de 2º de BAC acompañados polas profesoras Juan Fandiño e Yolanda Suárez e igualmente da viaxe a Segovia-Toledo-Madrid-León de 4º ESO acompañados polas profesoras Remedios Rodríguez e Paula Ugarte.

PROGRAMA "CORUÑA DE AVENTURA"



Descubrimos o Arquivo do Reino de Galicia e o valor dos documentos con 4º ESO. A cidade medieval da Coruña con 2º ESO. Con 1º ESO coñecemos os produtos, peixes e mariscos no porto da Coruña. Con 3º ESO visitamos a prensa e os medios de comunicación na Voz de Galicia coa importancia do porto exterior de Punta Langosteira. Disfrutamos da pintura como expresión da beleza con 1º BAC no Museo de Belas Artes.

RUTA DE SENDEIRISMO NEDA-FERVENZA DE BELELLE, PROMOVIDA POLO DEPARTAMENTO DE E. FÍSICA



O 21 de maio o alumnado de 3º e 4º de ESO realizou unha actividade de sendeirismo para coñecer a fermosísima fervenza do río Beelle, perto de Ferrol, en Neda, acompañados dun tempo espectacular

SCAMBIO 18. ITALIA



Outro curso máis realizamos o intercambio co IISS CA Dalla Chiesa en Montefiascone, Lazio. Excelente experiencia na que fixemos nov@s amig@s, coñecemos lugares emblemáticos e vivimos xornadas fermosas.

... E ADEMÁS

FELIZ DÍA DO LIBRO: Outro ano máis, o Equipo de Biblioteca conmemora o Día do Libro. Neste curso regalamos libros e funcionou moi ben.

VI CONCURSO DE ROBÓTICA: Os nosos alumnos...Terceiro premio!!!. Equipo "Pepelui". Na categoría de 1º e 2º BAC. Houbo 71 equipos na súa categoría. Parabéns!!!

CREAMOS ARTE: O alumnado de ESO colaborou coa profesora de Plástica na decoración de espazos comúns do IES creando arte que amosa as nosas inxedanzas e mellora o noso centro.

FELIZ DÍA DAS LETRAS GALEGAS: "AS PERSOAS ESTAMOS FEITAS PARA LEVAR ADIANTE OS PROXECTOS MÁIS FERMOSES" (MARÍA VICTORIA MORENO).

TIVEMOS CON NÓS Ó GAÑADOR GALEGO DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE RALLY 2017, IVÁN ARES



Impresionante coche do campión de España de Rally, Iván Ares, unha gran máquina sen dúbida. Non menos rechamante o humilde relato da súa vida ata chegar a hoxe, día 14 de xuño. Un exemplo a seguir.

GRADUACIÓN DO ALUMNADO DE 2º DE BAC E CICLOS FORMATIVOS



Protagonistas. Estamos moi orgullos@s... 15 de xuño.

100% DE ÉXITO NO DELF B1



Felicitemos ás alumnas de 2º BAC: Andrea Juncal Mosquera, Sara López Fandiño, Laura Quintela Gómez, e Paula Roade Pérez e tamén ó alumno de 4º ESO: J. Leonardo Ríos Varela ao aprobar os exames do DELF escolar, que tiveron lugar o mércores 25 de abril de 2018, no IES Eusebio da Garda, obtendo así o Diploma de Estudos en Lingua Francesa do nivel B1

CONCERTO DE ÓRGANO, VISITA A CELANOVA E A OURENSE.



Espectacular órgano barroco no mosteiro de S. Salvador de Celanova e marabillosa interpretación o día 22 de Maio. Roteiro pola cidade das Burgas e a propia vila. Visita imprescindible organizada polo Departamento de Música.


Chegamos ao final dun novo curso e cómpre facer unha reflexión sobre o realizado ao longo deste 2017-2018. Son moitas as actividades recollidas nestes boletíns trimestrais que dan conta do traballo realizado fóra das aulas polo profesorado do IES de Curtis.

Consecuencia de todo isto e da formación puramente académica son os premios acadados este ano no "XIII premio de narración curta do concello de Curtis", onde a alumna de 1º de Bacharelato Lucía Pérez López conqueriu o primeiro premio na categoría de 12 a 18 anos, tamén neste mesmo certamen a exalumna do centro Elena Pérez Vázquez tamén levou un segundo premio na categoría de 19 anos en adiante.

Noraboa a ambas e ás súas familias, ao profesorado e en xeral a toda a comunidade educativa que colabora na formación do noso alumnado.

Juan Carlos Fandiño, Director do IES de Curtis

RESULTADOS 3ª AVALIACIÓN



DIRECTOR: Juan Carlos Fandiño da Torre
VICEDIRECTOR: Alberto Alonso Güemes
XEFA DE ESTUDOS: Yolanda Suárez Martínez
SECRETARIO: José Antonio Paz López
ORIENTADORA: Eva Sanz Santás

equipo de normalización lingüística ies de CURTIS

IES DE CURTIS
Rúa Xermán de Castro s/n 15310
Curtis (A Coruña)
Tlf 881 880 620 / Fax 881 880 629
www.edu.xunta.es/centros/iescurtis